

## CV22039

### **Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Cualedro para a execución de obras de mellora do abastecemento en Lucenza e Cualedro, no Concello de Cualedro (Ourense)**

#### **1 Antecedentes**

O crecente incremento das temperaturas, debido ao cambio climático, ven provocando veráns moito máis longos e calorosos que, xunto á escaseza de choivas, está levando ao límite a capacidade dos acuíferos naturais e das augas libres comunmente empregadas para o subministro de auga á poboación. Por elo, o caudal achegado por moitas das captacións existentes resulta insuficiente fonte á demanda actual en grandes e pequenas poboacións, ocasionando restricións e cortes de subministro na rede de abastecemento.

Estes problemas se viron agravados en Lucenza e en Cualedro, ambos no concello de Cualedro, pola situación excepcional de seca que está a acontecer, de modo que os recursos captados non eran suficientes para a poboación á que hai que abastecer.

Ante a situación de risco extremo de quedar sen abastecemento municipal neses núcleos, a entidade local contratou a execución das obras de urxencia no abastecemento de Lucenza e Cualedro e iniciou a súa execución no mes de setembro de 2022.

O Concello ten solicitado á Xunta de Galicia apoio e colaboración na execución destas actuacións para acadar o funcionamento efectivo das instalacións no prazo máis breve posible.



## 2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto deste convenio é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Cualedro que permitan ao concello acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras de mellora do abastecemento en Lucenza e Cualedro, no Concello de Cualedro (Ourense).

## 3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do que a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas.

Entre estas competencias se atopa, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a adopción de medidas que garantan o abastecemento aos municipios. En calquera caso, as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia exerceranse sempre de conformidade co principio de garantía e eficacia do servizo público de abastecemento.

A citada Lei 9/2010, do 4 de novembro, atribúe no seu artigo 26 á Administración Hidráulica da Comunidade Autónoma as competencias para a regulación e o outorgamento de auxilios económicos ás corporacións locais nas materias da súa competencia.

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local, citada, e o 194 da Lei da Administración local de Galicia, citada, determinan que a cooperación económica, técnica e



administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto neste punto e nos antecedentes, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei. Asemade, en consideración a razóns de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio. Todo o que se fai constar para os efectos do previsto nos artigos 19.4 c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia

#### **4 Estimación de custos e financiamento**

O custo total das actuacións contempladas neste convenio ascenden a corenta e oito mil euros (48.000,00 €) con cargo á conta 6566 "Subvencións de capital a corporacións locais" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, con cargo á anualidade 2022.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela

A directora de Augas de Galicia

Teresa María Gutiérrez López

*(documento asinado dixitalmente)*

